



NOTIFICACIÓN PARA O EXERCICIO DO DEREITO DE TENTEO

En cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 7/2007, do 21 de maio, de Medidas Administrativas e Tributarias para a Conservación da Superficie Agraria Útil e do Banco de Terras de Galicia, **NOTIFÍCASELLE** a intención de proceder á transmisión do seguinte predio:

MOI IMPORTANTE:

Todos os datos que se solicitan son de **obligada cumprimentación**, a falta de calquera deles suporá o requirimento de subsanación e/ou mellora ó/s interesados/s, coa conseguinte prolongación na tramitación/resolución do expediente. En caso de dúbida para cumprimentar o impreso, será atendido no teléfono que figura no encabezamento.

DATOS DO PREDIO					
Provincia	Concello		Parroquia	Aldea, lugar, vía pública	
Nome ou paraxe	Cultivo	Superficie (m2)	Referencia Catastral	Polígono	Parcela
Observacións:					

DATOS DA TRANSMISIÓN DO PREDIO		
Prezo ou valor (euros)	Forma de pagamento	Destino ou uso do predio

DATOS DO TRANSMITENTE ou vendedor (A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS)					
Nome e apelidos/Razón social			D.N.I./N.I.E./C.I.F./Pasaporte/Tarxeta de residente		
Rúa	Concello	Provincia	C.P.	Teléfono	
Coeficiente de participación que transmite (%)			Profesión		

DATOS DO ADQUIRENTE ou comprador (A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS)					
Nome e apelidos/Razón social			D.N.I./N.I.E./C.I.F./Pasaporte/Tarxeta de residente		
Rúa	Concello	Provincia	C.P.	Teléfono	
Coeficiente de participación que adquire (%)			Profesión		

Considera que o BANTEGAL podería ter dereito de tenteo ou retracto de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 7/2007 de 21 de maio:

SI	NON, pola seguinte razón
----	--------------------------

¹Sinatura do transmitente

En _____ a día _____ do mes de _____ do ano _____

¹ A notificación será feita polo titular transmitente do predio (art.10.1 da Lei 7/2007, do 21 de maio) ou representante do mesmo.



INSTRUCCIÓNS PARA CUMPRIMENTAR O IMPRESO

INSTRUCCIONES XERAIS

1. O impreso pódese cumprimentar a man (empregando máisculas tipo imprenta), a máquina, ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
2. Asegúrese de que os datos resultan claramente lexibles en todos os exemplares.
3. Evite dobrar o papel e realizar correccións, emendas ou riscadas.
4. Logo de cumprimentado, presénteo asinado no/s Rexistro/s da Sociedade Anónima Xestora Bantegal, ou ben remítalo mediante as formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.
5. Deberá acompañar á solicitude unha copia do documento de identidade en vigor (D.N.I./N.I.E./C.I.F./Pasaporte).

INSTRUCCIÓNS PARTICULARES

DATOS DO PREDIO:

1. Nome ou paraxe: Farase constar o nome ou paraxe que ten ou co que se coñece a finca.
2. Cultivo: Farase constar o uso ou aproveitamento actual do predio.
3. Superficie: Farase constar a superficie que figure no título de propiedade, ou a que se consigne no documento de transmisión, con independencia de que sexa coincidente ou non coa que figura na Base de Datos Nacional de Catastro.
4. Referencia catastral: Consignarase a referencia catastral que figura na Base de Datos Nacional de Catastro. De selo caso dunha finca que constituíndo unha unidade xurídica e patrimonial teña máis dunha referencia catastral, indícanse tódalas referencias catastrais. Así mesmo, en caso de discrepancia entre a realidade xurídica patrimonial e o Catastro, indícanse se a finca forma parte e/ou comprende outro/s predio/s catastral/es, consignando a referencia catastral de este/s.
De non estar dado de alta no Catastro, indícanse o motivo. De tratarse de predios procedentes de procedementos de concentración parcelaria (cuxo procedemento de renovación catastral non se tivese iniciado e/ou rematado), de ter sido aprobado o acordo de concentración -aínda de estar pendente a súa firmeza-, achegárase certificado da administración competente no que se determine/n o/s predio/s de substitución, ou, firme o acordo e de ter sido expedido, copia do título de propiedade.

5. Polígono: Indícanse o número de polígono catastral.
6. Parcela: Indícanse o número de parcela catastral.
7. Observacións: Indícanse calquera observación que se estime oportuna para a mellor tramitación do expediente.

DATOS DA TRANSMISIÓN DO PREDIO:

8. Prezo ou valor (euros): Indícanse o prezo polo que se formaliza a transmisión, e, no seu defecto, o valor que se lle da o predio os efectos do posible exercicio do dereito de adquisición preferente por parte do Bantegal.
9. Forma de pagamento: Efectivo, pago aprazado ou ámbolos dous, e o medio de pagamento: moeda de curso legal; cheque; talón; pagaré; transferencia; permuta; donación ou cesión a título gratuito; disolución/aportación a sociedade conxugal; adxudicación hereditaria; pacto de mellora; adxudicación en subasta xudicial ou administrativa; adxudicación en xogos de sorte, envite ou azar; expediente de dominio; acta de notoriedade; compensación de deuda; condonación de deuda; novación modificativa ou extintiva; disolución/aportación a comunidade de bens; operacións societarias (constitución/disolución/fusión/escisión de sociedade/ampliación/redución de capital/outras operacións societarias); outros (especificar)
10. Destino ou uso do predio: Farase constar o uso ou aproveitamento o que se vai a destinar o predio.

DATOS DO TRANSMITENTE E AQUIRENTE:

11. Rúa, Concello, Provincia, Código Postal: Farase constar os datos do enderezo a efecto de notificacións en España.
12. Coeficiente de participación que se transmite e que se adquire: Se non se sinala nada, considerarase o 100%.
13. Considera que o BANTEGAL podería ter dereito de tanteo ou retracto: Deberá marcar "si" ou "non". De marcar "non" poderá sinalar o precepto legal en base o cal considera que non habería lugar ao exercicio dos referidos dereitos polo Bantegal, ou, no seu caso, o motivo polo cal este dereito non sería preferente. No caso de que o BANTEGAL quixese exercitar os dereitos de tanteo ou retracto, poderá, entre outros, solicitar a acreditación da condición de persoa titular de explotación agraria, persoa profesional da agricultura, persoa agricultora a título principal ou moza, parentesco, e demais establecidas no artigo 9 da Lei 7/2007, do 21 de maio (DOG nº 104 do 31 maio 2007).

PROTECCIÓN DE DATOS

Conforme ao artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos ó titular dos datos que os mesmos serán incorporados ao ficheiro "REXISTRO", cuxo responsable é a Sociedade Anónima Xestora Bantegal, e que ten por finalidade o rexistro de entrada e saída de documentos. Non se prevén comunicacións de datos a terceiros, salvo as necesarias para o cumprimento das obrigas legais derivadas do exercicio dos dereitos de tanteo e retracto, para os que se solicitan os datos.

Os trámites realizados nas entidades colaboradoras do Banco de Terras de Galicia, coma as Oficinas Agrarias Comarcais (OAC's) e as Delegacións Provinciais da Consellería do Medio Rural, que supoñan un tratamento de datos de carácter persoal, garantirán a aplicación de tódalas medidas de seguridade esixidas na normativa de protección de datos, respondendo estas dos posibles incumprimentos. Os datos recollidos serán comunicados á Sociedade Anónima Xestora Bantegal e unicamente cando sexan recibidos pola mesma pasarán a formar parte do seu ficheiro.

O interesado poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose ao responsable do ficheiro: Sociedade Anónima Xestora Bantegal, no enderezo Estrada de Noia, Km. 1, 15890 - Santiago de Compostela (A Coruña). No caso de que os datos sexan facilitados por un terceiro, será este o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos mesmos e con carácter previo a súa inclusión.